

PRESENTACIÓN PÚBLICA DA ASOCIACIÓN DE AMIG@S DO MUSEO DE PONTEVEDRA.

Este luns 21 de Xullo, ás 11.30h na Sala de Conferencias da Casa das Campás terá lugar a presentación pública da *Asociación de Amig@s do Museo de Pontevedra*.

Após a supresión da personalidade xurídica do Organismo Autónomo Museo de Pontevedra pola Deputación Provincial de Pontevedra a finais do ano 2012, un grupo de persoas vinculadas coa institución impulsamos a creación de Amig@s do Museo como asociación independente do Museo e da Deputación, reivindicando a historia e a virtualidade que tivo o colectivo de Amigos do Museo; creado dentro do propio Museo sendo Director Xosé Fernando Filgueira Valverde e do que foi último Presidente Luciano García Alén; para o diálogo e a colaboración do poder político provincial coas persoas representantes dos legados depositados no Museo e da sociedade civil interesada na cultura, na historia, na arte e no patrimonio como sinal de identidade de Pontevedra.

A Asociación de Amig@s do Museo de Pontevedra nace recollendo a vontade fundacional do propio Museo, plasmada na moción defendida polos Deputados Provinciais Gaspar Massó, César Lois e Alfredo Espinosa, que deu lugar á creación da institución en 1927. Deste xeito propugnamos como tarefas a posta en valor do patrimonio cultural pontevedrés e a súa difusión, ao tempo que apostamos pola investigación dos fondos que alberga o Museo como piar fundamental da nosa actividade divulgativa.

Pontevedra, 17 de Xullo do 2014.